

ACTIVIDADES VERÁN 2026



**CONCELLO
DE FRADES**

XUÑO

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL PAPUCIA - FRADES



- ▶ **Horario da piscina:** De luns a venres de 15:30 a 21:00 h.
Sábados, domingos e festivos de 14:00 a 21:00 h.
- ▶ **Entrada gratuíta**
Preferencia empadroados/as en Frades.
Peche da piscina o 31 de agosto.

BIBLIOTECA MUNICIPAL

HORARIO DE VERÁN

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Martes de 17:00 a 20:00 h.

A biblioteca permanecerá pechada os xoves por a tarde dende o 1 de xuño ata o 31 de agosto.

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN/CONCILIACIÓN

Datas: Do 22 de xuño ata o 4 de setembro.

Horario: De 9:00 a 14:00 h. A hora de entrada será dende as 9:00 ás 9:30 e a hora de saída dende as 13:30 ata as 14:00.

Idades: Nenos/as de 3 anos (escolarizados/as) ata os 16 anos.

Lugar(es): CPI de Ponte Carreira e instalacións municipais (piscina, campo de fútbol, pavillón...)

Actividades: Xogos, obradoiros, experimentando coa ciencia, Masterchef, xardinería, festas, sendeirismo, piscina, festa da auga, actividades deportivas, contacontos...

QUENDAS E PREZOS:

1ª quenda (22-30 de xuño): 7,5€

2ª quenda (1ª quincena de xullo): 15€

3ª quenda (2ª quincena de xullo): 15€

4ª quenda (1ª quincena de agosto): 15€

5ª quenda (2ª quincena de agosto): 15€

6ª quenda (do 1 ao 7 de setembro): 7,5€

Desconto do 20% para o 2º irmán/á e 50 % familia numerosa.

DATA LÍMITE PARA ANOTARSE: Primeira data límite de inscrición: 15 DE XUÑO.

A partir desta data, poderase seguir anotando para as seguintes quendas, sempre un mínimo de 5 días naturais de antelación respecto ao inicio de cada unha.

No caso das anotacións posteriores ao 15 de xuño, considerarase fóra de prazo calquera inscrición realizada con menos de 5 días naturais de antelación, e deberá consultarse previamente a dispoñibilidade de prazas.

Estancia mínima: 1 quenda

É necesario xuntar un grupo mínimo. Prazas limitadas.

Preferencia empadroados/as en Frades. Os/as nenos/as escolarizados/as no CPI Ponte Carreira son considerados/as empadroados/as para todos os efectos.

No caso de ter adxudicada unha praza e non asistir sen causa xustificada, penalizarase para vindeiros campamentos.

XOVES DE PRAIA

Días: 2, 9, 16, 23 e 30.

Lugar: Praia de Barraña (Boiro).

Prezo: 10€ por día.

Nenos/as ata 12 anos (incluídos) 8€ por día.

* Poderase reservar meses completos ou días como máximo o martes anterior a cada saída, soamente os/as empadroados/as no Concello de Frades.

Os/as non empadroados/as NON poderán reservar meses completos.


Obrigatorio o pago en conta bancaria.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída ás 10:00h dende a Grabanxa.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas (1 bus).

As persoas asistentes que sexan menores de idade deberán presentar unha autorización asinada polos pais/nais. As menores de 14 anos deberán ir acompañadas dun adulto/a.



EXCURSIÓN A FISTERRA - ÉZARO E NOIA

Data: Domingo 5 de xullo

Horario: Saída do Concello ás 9:00 h.

Contido: Pola mañá visitaremos o Faro Fisterra e tamén a cascada do Ézaro, comida pola zona e á tarde visitaremos Noia.

Prezo: 50€. Menores de 12 anos 40€

Preferencia empadroados/as en Frades.

Anotarse antes do 26 de xuño. Prazas limitadas

O pago realizarase á empresa organizadora.



Organiza:



Excursiones
Miranda

Colabora:



CONCELLO DE FRADES

CAMPIONATO DE PESCA

Día: Sábado 18 de xullo

Lugar: Área recreativa da piscina municipal de Frades.

Hora: A partir das 10:00 h.

Idades: Menores de 16 anos. Os/as menores terán que ir acompañados/as por unha persoa adulta. Os/as participantes deberán ir provistos/as de cana e cebo.

* Actividade gratuíta. Entrega de agasallos aos/ás participantes e merenda. Anotarse no Concello antes do venres 10 de xullo.

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE

"NIKO: MÁIS ALLÁ DE LA AURORA BOREAL"

Día: Venres 31 de xullo.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades.

(En caso de choiva aprazarase).

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.

Prazas limitadas.



EXCURSIÓN

AQUAPARK DE CERCEDA

Día: Venres 31 de xullo.

Prezo: 0 a 4 anos gratuíta, resto 8€.

Horario: Saída do Concello ás 13:00 h e volta ás 20:00 h. da tarde (levar comida).

O Concello subvenciona o transporte.

Actividade para todas as idades.

Imprescindible anotarse no Concello antes do 24 de xullo.



RUTA DE SENDERISMO

OS PASOS DE AIAZO



Data: Sábado 1 de agosto.

Horario: De mañá.

Lugar: Área recreativa Os Pasos de Aiazo.

*Actividade gratuíta con sorpresas para os/as participantes.

Ás 16:30 actuación de "Xabi Longueiron" e o seu espectáculo "Máis Música"

Para todas as idades. Interesados/as en participar poñerse en contacto con membros da asociación.

Organiza: AVV "Os Pasos" **Colabora:**



XOVES DE PRAIA

Día: 6, 13, 20 e 27 de agosto.

Lugar: Praia de Barraña (Boiro).

Prezo: 8€ por día.

Nenos/as ata 12 anos (incluídos) 6€ por día.

*Poderase reservar meses completos ou días como máximo o martes anterior a cada saída, soamente os/as empadroados/as no Concello de Frades.

Os/as non empadroados/as NON poderán reservar meses completos.


Obrigatorio o pago en conta bancaria.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída ás 10:00h dende a Grabanxa.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas (1 bus).

As persoas asistentes que sexan menores de idade deberán presentar unha autorización asinada polos pais/nais. As menores de 14 anos deberán ir acompañadas dun adulto/a.



NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE

A GALIÑA TURULECA

Día: Venres 7 de agosto.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades. (En caso de choiva aprazarase).

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.

Prazas limitadas.



DÍA DO/A NENO/A

Día: Sábado 8 de agosto.

Lugar: Piscina Municipal de Frades.

Horario: A partir das 16:00 h.

Actividades: Tren turístico, xogos, inchables, guerra de globos de auga, merenda e outras actividades.

Ás 18:00 h. Festa da Escuma.

É imprescindible anotarse no Concello antes do día 31 de xullo.

Actividade gratuíta.



MARATÓN DE FÚTBOL 7

Data: Sábado 22 de agosto.

Horario: A partir das 10:00h.

Lugar: Campo de Fútbol de Abellá (O Vedral).

Inscrición: Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 14 de agosto.

Configuración do torneo:

-Terá que haber un mínimo de equipos para a súa realización.

-Equipos de Termo municipal de Frades.

Haberá trofeos para os catro primeiros clasificados.



CAMPIONATO DE PADEL

Data: Sábado 29 de agosto.

Horario: A partir das 16:00 h.

Lugar: Piscina municipal.

Inscrición: Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 21 de agosto.

Premios especiais para os finalistas.



CURSOS DE VERÁN

CURSOS DE NATACIÓN

Data: Comezo o luns 6 de xullo e remate o 31 de agosto.

Lugar: Piscina municipal de Papucín.

Prezo: Nenos/as maiores de 4 anos: 25€.

Adultos/as (maiores de idade): 35€.

Horarios: Nenos/as de iniciación: Martes e xoves .

Grupo 1: de 14:00 a 14:30.

Grupo 2: de 14:30 a 15:00.

Grupo 3: de 15:00 a 15:30.

Perfeccionamento:

Adultos/as: Luns, mércores e venres de 14:00 a 14:45.

Nenos/as: Luns, mércores e venres de 14:45 a 15:30.

O pago realizarase no banco. Necesario xuntar un grupo mínimo.

Anotacións ata o 1 de xullo.

CURSOS DE PILATES

Duración: Meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios:

Mércores de 17:30 a 18:25 no Multiúsos de Frades.

Mércores de 19:15 a 20:10 no Centro Sociocomunitario de Pontecarreira

Mércores de 20:30 a 21:35 no Local do Cabezo Abellá.

Comezo: O 8 de xullo.

Prezo: 25€ curso completo (1 día por semana).

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 26 de xuño.

CURSOS DE XIMNASIA

Duración: Meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios: Luns de 18:00 a 18:50 no Pavillón de Abellá.

Comezo: O 6 de xullo.

Prezo: 25€ curso completo (1 día por semana).

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 26 de xuño.

CURSO DE ZUMBA

Duración: Meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios:

Martes de 20:45 a 21:35 no Local social de Aiazo.

Comezo: 07 de xullo.

Prezo: 25€ curso completo (1 día por semana).

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 27 de xuño.

CURSO DE HIPOPRESIVOS

Duración: Meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios:

Martes de 18:45 a 19:15 no Centro Sociocomunitario de Ponte Carreira

Comezo: 07 de xullo.

Prezo: 20€ curso completo (1 día por semana).

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 26 de xuño.

SETEMBRO - OUTUBRO

II FOLIADA - FRAGA DO PETÓN

GALEGOS - FRADES

no campo da festa/Fraga do Petón de Galegos

SÁBADO 12 SETEMBRO

POLA TARDE

Actuacións de Grupos Folclóricos durante toda a tarde-noite.

Ao remate das actuacións **FOLIADA ABERTA** para todos aqueles que teñan gañas de festa.

Haberá Carpa e Servicio de Cantina.

Proximamente farase o cartel coa programación definitiva.

ORGANIZA:

A.C. SON DA TERRIÑA DE GALEGOS

Actividade subvencionada por:



XUNTA DE GALICIA

galicia

EXCURSIÓN A VILANOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL) - A GUARDA

(opción de Kayak)

Data: Sábado 12 de setembro

Horario: Saída do Concello ás 8:30 h.

Contido: Pola mañá teremos dúas opcións:

OPCIÓN 1: Visita a Feira de Vilanova de Cerveira–Portugal.

Comida por a zona e pola tarde visitaremos A Guarda

OPCIÓN 2: Paseo en Kayak por o Rio Miño

Comida por a zona e pola tarde visitaremos A Guarda.

Prezo:

OPCIÓN 1: 50€. Menores de 12 anos 40€

OPCIÓN 2: 70€. Menores de 12 anos 60€

Preferencia empadroados/as en Frades.

Anotarse antes do 4 de setembro.

Prazas limitadas

O pago realizarase á empresa organizadora.

Organiza:



Excursiones
Miranda

Colabora:



CONCELLO DE FRADES



ACTUACIÓN TEATRAL

CONTAMOS CONTOS DE LOBOS

Data: Sábado 19 de setembro.

Obra teatral da Compañía "Teatro Gazafellos". Un espectáculo donde repasaremos os contos de Carapuchiña, os tres porquiños, Pedro e o lobo, Os sete cabuxos... Todo con moita improvisación e como non a participación do público

Lugar: Multiúsos de Frades /Biblioteca Municipal.

Horario: 11:30 h.

Anotacións ata o 18 de setembro.

Colabora: 

EXCURSIÓN Á COSTA DA LUZ E ALGARVE (PORTUGAL)

ALBUFEIRA -VILAREAL -SEVILLA



Data: Do 18 ao 23 de outubro.

Prezo: 570€ (Habitación Dobre) 730€ (Habitación individual)

Contido:

Día 18: Saída, comida en ruta. Chegada ao hotel Ilunion, reparto de habitacións e cea.

Día 19: Pola mañá visita a Albufeira, comida no hotel. Tarde libre.

Día 20: Pola mañá visita a Vilareal. Comida no hotel e pola tarde visita a Faro.

Día 21: Visita con guía local a Sevilla. Comida no hotel e pola tarde visita o Rocio.

Día 22: Día libre.

Día 23: Almorzo e saída para a casa. Comida en ruta.

Anotacións no Concello dende o 1 de setembro ata o 30 de setembro.

Reserva do n.º de asento e praza por orde de inscrición.

Preferencia empadroados/as en Frades.

Prazas limitadas: mínimo 50 persoas para realizar a excursión.

Organiza:



Excursiones
Miranda

Colabora:



CONCELLO DE FRADES



CONCELLO DE OROS

ACTUACIÓN TEATRAL

CONTOS PARA CAGHAR PATATILLAS

Data: Sábado 24 de outubro.

Gran actuación de "Brais das Hortas" que a través dunha actuación musical e de humor fara un repaso por a Santa Compañía, o home do saco, bruxas, curuxas e moito máis. Un espectáculo para morrer de medo... ou de risa!

Lugar: Multiúsos de Frades /Biblioteca Municipal.

Horario: 11:30 h.

Anotacións ata o 23 de outubro.

Colabora: ler
conta moito

MAGOSTO - FESTA DE SAMAIN

Data: 31 de outubro.

Contido: Gran actuación de Moc Moc Mago Charly Braun co seu espectáculo de Maxia de Terror "Hotel Transilvania" e rematamos a xornada con obradoiros e castañada para todos os asistentes.

Lugar: Pavillón de Abellá

Horario: Ás 17:00h

Anotacións ata o 26 de outubro.



NOTAS RECORDATORIAS

PUNTO LIMPO DE FRADES-MESÍA



RECEPCIÓN DO RESIDUO:
MÉRCORES De 16:00 a 20:00
SÁBADO De 12:00 a 16:00

Teléfono Punto Limpo
Teléfono Concello

Frades 981 695 567
Mesía 981 687 001

Correo electrónico

Frades correo@frades.gal
Mesía correo@concellodemesia.gal

Un Punto Limpo é unha instalación cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de especiais características.

Estas instalacións teñen como obxectivo fundamental poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).

No Punto Limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior, favorecendo a protección e mellora do Medio Ambiente.

NORMAS DE UTILIZACIÓN:

- Os usuarios son exclusivamente os cidadáns particulares do Concello de Frades e de Mesía. (poderase exixir a presentación do DNI).
- Queda prohibida a entrada a empresas que pretendan depositar residuos procedentes da súa actividade principal (salvo que contén coa autorización previa do Concello).
- Só se poderá acceder ao Punto Limpo para depositar residuos, non para outros fins.
- En todo intre o usuario deberá seguir as indicacións do operario xa que é o encargado do correcto depósito dos residuos entrantes e do estado xeral da instalación.
- Prohíbese abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do Punto Limpo.

PROHÍBESE A ENTRADA DE RESIDUOS DE ORIXE INDUSTRIAL

RESIDUOS ADMISIBLES: (Art. 6 e art. 8 do regulamento do funcionamento do punto limpo)

 PAPEL E CARTÓN MÁX. 20 KG.	 VIDRO MÁX. 20 KG.	 ESCOMBROS MÁX. 25 KG.	 MADEIRAS MÁX. 25 KG OU 1 MOBLE	 PLÁSTICOS MÁX. 25 KG.	 VOLUMINOSOS (colchóns, sofás) MÁX. 1 UD.
 ELECTRODOMÉSTICOS MÁX.- 2 UDS.	 FRIGORÍFICOS MÁX. 1 UD.	 ACEITE DE MOTOR MÁX. 5 L.	 ACEITE VEXETAL MÁX. 5 L.	 AEROSOIS MÁX 10 UDS.	 PINTURAS MÁX. 1 KG.
PLÁSTICOS DE SILO MÁX. 1 M ³	 FLUORESCENTES MÁX. 3 UD.	 PILAS MÁX. 5 KG.	* Para outros residuos consultar ao operario	RESIDUOS NON ADMISIBLES: Residuos industriais de empresa Basura orgánica Neumáticos fora de uso Residuos fitosanitarios	Bombonas Extintores Uralita de amianto Residuos radioactivos Medicamentos Mercurio e plomo

ORGANIZACIÓN PUNTO MÓVIL POR PARROQUIAS (FRADES)



Concello de Frades



Concello de Mesía



Xacobeo 21-22



DATAS	FRADES	
	Parroquia	Ubicación
08/01/2026 a 20/01/2026; 25/06/2026 a 07/07/2026; 10/12/2026 a 22/12/2026	Gafoi	Praza
22/01/2026 a 03/02/2026; 09/07/2026 a 21/07/2026; 24/12/2026 a 05/01/2027	Aiazo	Aparcaidoiro Igrexa
21/08/2025 a 02/09/2025; 05/02/2026 a 17/02/2026; 23/07/2026 a 04/08/2026	Moar	Igrexa
04/09/2025 a 16/09/2025; 19/02/2026 a 03/03/2026; 06/08/2026 a 18/08/2026	Galegos	Igrexa
18/09/2025 a 30/09/2025; 05/03/2026 a 17/03/2026; 20/08/2026 a 01/09/2026	Frades	Aparcaidoiro Igrexa
02/10/2025 a 15/10/2025; 19/03/2026 a 31/03/2026; 03/09/2026 a 15/09/2026	Abellá	Pavillón
17/10/2025 a 28/10/2025; 02/04/2026 a 14/04/2026; 17/09/2026 a 29/09/2026	Ledoira	Local Social
30/10/2025 a 11/11/2025; 16/04/2026 a 28/04/2026; 01/10/2026 a 13/10/2026	Céltigos	Local Social
13/11/2025 a 25/11/2025; 30/04/2026 a 12/05/2026; 15/10/2026 a 27/10/2026	Añá	Praza
27/11/2025 a 09/12/2025; 14/05/2026 a 26/05/2026; 29/10/2026 a 10/11/2026	Vitre	Local Social
11/12/2025 a 23/12/2025; 28/05/2026 a 09/06/2026; 12/11/2026 a 24/11/2026	Papucín	Igrexa
25/12/2025 a 06/01/2026; 11/06/2026 a 23/06/2026; 26/11/2026 a 08/12/2026	Mesos	Praza

CONCELLOS



Concello de Frades



Concello de Mesía

ÓNDE?

Irá rotando por todas as parroquias



QUÉ?

BOTES DE PINTURA/
VERRIZO DISOLVENTE

TUBOS
FLORESCENTES

BATERÍAS

PEQUENOS
ELECTRODOMÉSTICOS

CARTUCHOS
DE TINTA

BIOMBILLAS DE
BAIXO CONSUMO

ACEITES VEGETAIS
(EN BOTTILOS DE PLÁSTICO PEQUENO)

PILAS DE BOTÓN

PILAS ALCALINAS

OUTRAS PILAS

ACEITES
MINERAIS

CALZADO

TELÉFONOS
MÓBILES

AEROSOIS

PUNTO LIMPO MÓBIL



CONTACTO



Concello de Frades

981 69 55 67



Concello de Mesía

981 68 70 01



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO
REGIONAL
"Una memoria de laer Europa"



Xacobeo 21-22



MEDIO AMBIENTE

RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

A recollida faise os primeiros mércores de cada mes.

Tipo de residuos que se poden depositar: Ferros, electrodomésticos, mobles, colchóns...

PROHIBIDO: pneumáticos, refugallos e restos de obras (sanitarios), baterías, cristais... Estes residuos débense xestionar con empresas especializadas (nos lugares de compra ou coas empresas que realizan as obras).

Nota importante: Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

Deben depositalos no punto limpo. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

Nota importante: Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello.

XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas... Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

COLECTORES DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL DE USO DOMÉSTICO

Hai 13 colectores de aceite vexetal doméstico repartidos por todas as parroquias do concello e no núcleo urbán de Ponte Carreira.

COLECTOR DE ROUPA E CALZADO

Hai 12 colectores de recollida de roupa e calzado repartidos por todas as parroquias do concello.

SEPARACIÓN DE REFUGALLO

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin.

(azul para cartón, amarelo para envase de plástico e iglú verde para o vidro).

VERTEDOIRO ILEGAIS:

Estanse detectando varios vertedoiros ilegais no noso concello, tanto en leiras públicas como en privadas, recordámoslle á veciñanza que está totalmente prohibido depositar residuos de calquera tipo nestes lugares, estes actos póñense en coñecemento das autoridades competentes (Seprona e Garda Civil), que se encargan de buscar aos culpables e de xestionar as infraccións e as correspondentes sancións económicas.

ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuadas nas entradas das leiras. Tamén queremos recordar que se deben gardar as distancias adecuadas ás pistas municipais sen invadir as cunetas destas cando se realicen labores agrícolas ou forestais así como solicitar os correspondentes permisos no Concello cando se realicen peches ou valados nas leiras particulares.

DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS

Informamos á veciñanza que segundo o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie da que se trate, son as seguintes:

	FRONDOSAS (ameneiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras...)	RESTO DE ESPECIES (eucaliptos, piñeiros, acacias ...)
Estra das convencionais Nacional N-634 (Santiago – Curtis) Estra da autonómica AC-524 (Ordes - Lanzá) Estra das provinciais DP-3801, DP-3802 (Ordes- Ponte Carreira e Frades – Sigüeiro)	4 metros	10 metros
Pistas locais e forestais municipais	2 metros	4 metros
Vivendas, solo urbano, núcleos rurais	15 metros	50 metros

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabia. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como o pago dunha multa sancionadora.

FEIRAS EN FRADES

PONTE CARREIRA:

12 e 26 de cada mes

ABELLÁ:

1^º VENRES de cada mes

REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

- * SEMPRE TERÁN PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS EN FRADES.
- * NO CASO DE NON XUNTARSE GRUPO, AS ACTIVIDADES PODERÁN SER CANCELADAS.
- * COMO NORMAL XERAL A ACTIVIDADE DEBERÁ ESTAR PAGADA ANTES DO SEU COMEZO.
- * HABERÁ QUE ANOTARSE NO CONCELLO PARA TODAS AS ACTIVIDADES CON ANTELACIÓN.
- * MÁIS INFORMACIÓN SOBRE DESCONTOS, EXCECIÓNS E BONIFICACIÓNS NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE FRADES.
- * O PAGO DE TODAS AS ACTIVIDADES FARASE A TRAVÉS DO NÚMERO DE CONTA:

ES36 0049 2722 31 2914050280 BANCO SANTANDER

Pasos a seguir:

1. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome do/a participante.
2. A solicitude de inscrición na actividade pode facerse de dúas formas:
 - A- Presencialmente no Concello de Frades aportando os seguintes documentos:
 - Solicitude e xustificante de pago da actividade.
 - B- Por internet na páxina web do Concello: www.frades.gal - sede electrónica - actividades culturais e deportivas - solicitude de inscrición en aula de actividades aportando o seguinte documento: xustificante de pago da actividade.

ORGANIZA:



CONCELLO
DE FRADES

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



www.concellodefrades.gal 

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN
NO CONCELLO DE FRADES

981 695 567 - 981 695 663